



vigo activities

2009-2010

o inglés é divertido

Get to know your Town



Tell me about your Country



Theatre



Story Telling



CONCELLERÍA
DE EDUCACIÓN

ALCALDÍA



VIGO



vigo
activities

o inglés é divertido

Este Servizo de Educación do Concello de Vigo prantexa no marco do Programa Educativo Municipal “AULAS INTERNACIONAIS”, unha nova edición da iniciativa didáctica “VIGO ACTIVITIES 2009-2010” coa finalidade de ofertar aos centros de educación primaria da nosa cidade distintas propostas de actividades que tentan contribuir á mellora da competencia da lingua inglesa. Estas actuacións didácticas de aplicación no marco do horario lectivo escolar e dinamizadas por persoal nativo e bilingüe, están deseñadas coa clara intencionalidade de propiciar no alumnado un contacto gratificante coa lingua inglesa e a creación dun verdadeiro contexto de inmersión lingüística, para mellorar os seus hábitos e técnicas de comunicación oral, ademáis de facilitar a labor do profesorado por implicar un factor extra de motivación no alumnado para a aprendizaxe desta lingua.

Convido aos centros de ensino a participar na confianza de que estas actividades propostas no marco do programa “VIGO ACTIVITIES 2009-2010” contribúan a reforzar e mellorar a competencia óptima e satisfactoria na lingua inglesa e propicie situacións de comunicación lúdicas próximas á realidade do alumnado.

Tamén quero lembrarlles que no marco do programa “Aulas Internacionais” tamén se están a implementar dúas propostas de inmersión lingüística que teñen a súa convocatría específica: “Programa de inmersión en lingua inglesa. PILIVIGO 09” que posibilita a estancia de tres semanas en High Schools de integración en Reino Unido para alumnado de 4º da ESO e “Two week Primary Teacher’s Project. Comenius Vigo 09” que propón un proxecto de inmersión con profesorado británico, formación lingüística e actualización metodolóxica, e mobilidade internacional do noso profesorado de inglés de educación primaria.

Un cordial saúdo

Laura López Atrio
Concelleira de Educación

TEATRO EN INGLÉS PARA ESCOLARES / THEATRE



SYDNEY-RELLA (pequeno formato)

Sinopse: A familia de Sydney lle trata como unha servinte e non lle deixa divertirse. Para fuxir das súas penas diarias Sydney se mergulla na súa paixón (o fútbol) e soña con xogar na grande final do seu pobo, inda que ten un problema ... ja súa familia;. Dase un xiro ao conto infantil popular de Cinzenta (Cinderella) para crear unha historia interactiva interpretada por actores nativos, chea de comedia, música e cancións orixinais que contribúe á máxima diversión do alumnado e a facilitar a súa comprensión.

Destinatarios/as: 1º a 4º de Educación Primaria (150 alumnos/as máximo)

Datas: Ao longo do mes de Outubro (confirmarase calendario)

Lugar: Sesións no mesmo centro educativo, sempre e cando teñan un espazo escénico mínimo dispoñible de 2,20 m. de alto, 4 m de profundidade e 6 m de ancho e toma de corrente preto.

Duración: 50 minutos

Materiais Didácticos: Poderase descargar no seu intre da web municipal seguindo as indicacións do Servizo Municipal de Educación, o dossier didáctico para orientar ao alumnado e a proposta de actividades relacionadas coa obra.

Compañía Teatral: CLEVER PANTS · www.clever-pants.com

MERLÍN AND KING ARTHUR (grande formato)

Sinopse: Cun texto totalmente en inglés, e cancións en directo, relátanse as aventuras do xove Arthur. Baixo a maestría do mago Merlín, e sorteando ás trampas que lle pon a meiga Morgana, o xove convírtese finalmente en rei de Inglaterra, ao ser o primeiro en sacar a espada "Excalibur" da rocha onde estaba clavada. Unha viaxe chea de maxía e bo humor.

Destinatarios/as: 5º e 6º de Educación Primaria (50 alumnos/as máximo)

Datas: Ao longo do mes de Novembro (confirmarase calendario)

Lugar: Auditorio Helios de Bembrive (o transporte correrá por conta do Concello)

Horarios estimados: Primeiro pase 10:30 hs / Segundo pase 12:15 hs.

Materiais Didácticos: Poderase descargar no seu intre da web municipal seguindo as indicacións do Servizo Municipal de Educación, o dossier didáctico para orientar ao alumnado e a proposta de actividades relacionadas coa obra.

Compañía Teatral: THE PERFORMERS · www.einadescola.com

TEDDY BEAR (pequeno formato)

Sinopse: Interpretada por actores nativos, a obra narra a historia dunha famosa actriz de Hollywood que perde o seu ben máis prezado: un osiño de peluche. Desesperada e sen poder seguer a súa vida sen el, confía nun peculiar inspector que promete investigar a desaparición e atopar ao culpable.

Destinatarios/as: 1º a 4º de Educación Primaria (150 alumnos/as máximo)

Datas: Ao longo dos meses de Novembro e Decembro (confirmarase calendario)

Lugar: Sesións no mesmo centro educativo, sempre e cando teñan un espazo escénico mínimo disponible de 2,20 m. de alto, 4 m de profundidade e 6 m de ancho e toma de corrente preto.

Duración: 60 minutos

Materiais Didácticos: Poderase descargar no seu intre da web municipal seguindo as indicacións do Servizo Municipal de Educación, o “theatre pack” didáctico para orientar ao alumnado e a proposta de actividades relacionadas coa obra.

Compañía Teatral: GLOBALPROJECT · www.globalprojectformacion.com

TEDDY BEAR (grande formato)

Sinopse: Interpretada por actores nativos, a obra narra a historia dunha famosa actriz de Hollywood que perde o seu ben máis prezado: un osiño de peluche. Desesperada e sen poder seguer a súa vida sen el, confía nun peculiar inspector que promete investigar a desaparición e atopar ao culpable. O detective coa axuda do seu asistente indio, interroga á familia e á empregada do fogar sen acadar resultados. Será necesario pedir a axuda dun “gurú” para resolver o misterio.

Destinatarios/as: 5º e 6º de Educación Primaria (50 alumnos/as máximo)

Datas: Ao longo do mes de Decembro (confirmarase calendario)

Lugar: Auditorio Helios de Bembrive (o transporte correrá por conta do Concello)

Horarios estimados: Único pase 10:30 hs

Duración: 60 minutos

Materiais Didácticos: Poderase descargar no seu intre da web municipal seguindo as indicacións do Servizo Municipal de Educación, o “theatre pack” didáctico para orientar ao alumnado e a proposta de actividades relacionadas coa obra.

Compañía Teatral: GLOBALPROJECT · www.globalprojectformacion.com



COÑEZAMOS A CIDADE / GET TO KNOW YOUR TOWN

O ZOO / THE ZOO

Sinopse: Visita didáctica guiada por 4 profesores/monitores nativos, para descubrir o “Vigozoo” cuxo obxectivo primordial é a aprendizaxe, práctica e fomento da lingua inglesa fóra da aula, coa finalidade de que sexa integrado polo alumnado en situacións de comunicación real. Abórdase esta actividade de xeito interdisciplinar: coñecemento do medio, lingua estranxeira e música.

Destinatarios/as: Grupos aula de 3º e 4º de Educación Primaria (máximo 50 alumnos/as)

Datas: Ao longo do 2º trimestre do curso lectivo escolar (confirmarase calendario e horario)

Lugar: Vigozoo (o transporte correrá por conta do Concello)

Duración: 90 minutos

Materiais Didácticos: O desenvolvemento da visita didáctica recompila información seguindo as explicacións docentes que o alumnado reflicte nun caderno de traballo. Identificaranse animais, características dos mesmos e o seu hábitat. Requírese do profesorado do centro solicitante a colaboración na preparación previa e revisión posterior da actividade proporcionada pola organización.

Organización: SCHOOLHOUSE · www.schoolhousevigo.com

O CASTRO, CASCO VELLO / THE CASTRO, CASCO VELLO

Sinopse: Visita didáctica guiada por 4 profesores/monitores nativos, para descubrir o “Castro” ou “Casco Vello” cuxo obxectivo primordial é a aprendizaxe, práctica e fomento da lingua inglesa fóra da aula, coa finalidade de que sexa integrado polo alumnado en situacións de comunicación real. Abórdase esta actividade de xeito interdisciplinar: coñecemento do medio, lingua estranxeira e historia.

Destinatarios/as: Grupos aula de 5º e 6º de Educación Primaria (máximo 50 alumnos/as)

Datas: Ao longo do 2º trimestre do curso lectivo escolar (confirmarase calendario e horario)

Lugar: Castro, Casco Vello (o transporte correrá por conta do Concello)

Duración: 90 minutos

Materiais Didácticos: O desenvolvemento da visita didáctica recompila información seguindo as explicacións docentes que o alumnado reflicte nun caderno de traballo. Aspectos históricos, xeográficos, orientación espacial, flora... Requírese do profesorado do centro solicitante a colaboración na preparación previa e revisión posterior da actividade proporcionada pola organización.

Organización: SCHOOLHOUSE · www.schoolhousevigo.com



A ÁREA MARÍTIMA DA CIDADE / THE MARINA

Sinopse: Visita didáctica guiada por 4 profesores/monitores nativos, para descubrir a área marítima da cidade, zona do porto deportivo, e peirao de trasatlánticos, comprendida entre a Praza da Estrela e o Centro Comercial “A Laxe”. Este percorrido didáctico ten como obxectivo primordial a aprendizaxe, práctica e fomento da lingua inglesa fóra da aula, coa finalidade de que sexa integrado polo alumnado en situacións de comunicación real. Abórdase esta actividade de xeito interdisciplinar: coñecemento do medio, lingua estranxeira e historia.

Destinatarios/as: Grupos aula de 5º e 6º de Educación Primaria (máximo 50 alumnos/as)

Datas: Ao longo do 2º trimestre do curso lectivo escolar (confirmarase calendario e horario)

Lugar: Zona do Náutico (o transporte correrá por conta do Concello)

Duración: 90 minutos

Materiais Didácticos: O desenvolvemento da visita didáctica recompila información seguindo as explicacións docentes que o alumnado reflicte nun caderno de traballo. Requírese do profesorado do centro solicitante a colaboración na preparación previa e revisión posterior da actividade proporcionada pola organización.

Organización: SCHOOLHOUSE · www.schoolhousevigo.com





CONTACONTOS / STORY-TELLING

Sinopse: Sesións de relatos curtos de contos populares ou historias sinxelas adaptadas, onde o nativo/a utiliza recursos e técnicas para captar e manter a atención do alumnado, tentando fomentar a súa participación activa na creación dun ambiente máxico.

Destinatarios/as: Grupo aula de 1º a 4º de Educación Primaria (máximo 25 alumnos/as)

Datas: Ao longo do 2º trimestre do curso lectivo escolar (confirmarase calendario e horario)

Lugar: Sesións nas aulas dos centros de ensino solicitantes, que deberán aportar cañón para proxección e reprodutor de CD.

Duración: 60 minutos

Materiais Didácticos: A sesión apoiase en material motivacional que tenta familiarizar ao alumndo coa lingua inglesa dun xeito lúdico, ademáis de fomentar a interacción entre transmisor e receptores facendo especial fincapé no reforzo da expresión oral e comprensión auditiva.

Organización: EUROSCHOOLS · www.vignet.com/euroschools/

FÁLAME DO TEU PAIS / TELL ME ABOUT YOUR COUNTRY

Sinopse: Sesións de encontro con nativos onde o “speaker” realiza unha exposición sobre o seu país de orixe, con especial énfase nalgún tema de interese para o alumnado ou algunha vivencia persoal emocionante.

Destinatarios/as: Grupo aula de 5º ou 6º de Educación Primaria (máximo 25 alumnos/as)

Datas: Ao longo do 2º trimestre do curso lectivo escolar (confirmarase calendario e horario)

Lugar: Sesións nas aulas dos centros de ensino solicitantes, que deberán aportar cañón para proxección e reprodutor de CD.

Duración: 60 minutos

Materiais Didácticos: A sesión apoiase en material motivacional que tenta fomentar a interacción entre transmisor e receptores facendo especial fincapé no reforzo da expresión oral e comprensión auditiva.

Organización: GLOBALPROJECT · www.globalprojectformacion.com



SOLICITUDE

Para formalizar a solicitude do programa Vigo Activities 2009-2010 deberá acceder a páxina web municipal:

www.vigo.org/cidadania/educacion/programas_educativos/aulasinternacionais/vigoactivities

e cubrir a ficha descargable que tamén lles será remitida por e-mail ao seu centro desde este Servicio de Educación municipal.

**CONCELLERÍA
DE EDUCACIÓN**

ALCALDÍA



VIGO

Servizo de Educación
Rúa Oporto nº 1 - 2º andar · 36201 Vigo
Telfs.: 986 81 01 81
E-mail: ime@vigo.org